

decembro de 2022, polas que se inicia o proceso selectivo para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – Taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Art.2 da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso-oposición, acceso libre.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do mércores, 21 de decembro de 2022, DOG Núm. 241, publícase o anuncio do extracto das convocatorias, bases xerais e bases específicas que regulan os procesos selectivos para o ingreso nas prazas de persoal funcionario de carreira e laboral fixos incluídas na oferta de emprego público do ano 2022, en virtude da taxa adicional de estabilización prevista no artigo 2 da Lei 20/2021, de 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.

Resultando que no Boletín Oficial da Provincia de Lugo do venres, 30 de decembro de 2022 Núm. 298, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Artigo 2 da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso-oposición, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Diario Oficial de Galicia do martes, 03 de xaneiro de 2023, DOG Núm. 2, publícase o anuncio da Resolución de corrección de erros nas bases xerais e específicas que regulan os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na oferta de emprego público do ano 2022- taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Artigo 2 da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso-oposición, acceso libre, ditada pola Alcaldía en data 21 de decembro de 2022.

Resultando que no Boletín Oficial do Estado do xoves, 26 de xaneiro de 2023, Núm. 22, publícase convocatoria para prover varias prazas, establecendo o prazo de presentación de solicitudes que será de 20 días hábiles a contar dende o seguinte ao da publicación, entre as que se atopa unha praza de **“TÉCNICO/A MUNICIPAL DE EMPREGO E ORIENTACIÓN LABORAL”**.

Vistas as bases xerais, xunto coas bases específicas e anexo que regulan os procesos selectivos de estabilización de emprego temporal que se convocan para o ingreso en prazas de funcionario de carreira ou persoal laboral fixo no Concello de Viveiro, incluídas na Oferta de Emprego Público do ano 2022 – taxa adicional de estabilización de emprego temporal (Artigo 2 da lei 20/2021, do 28 de decembro), cota xeral, sistema concurso-oposición, acceso libre, en relación co proceso selectivo para a cobertura de unha praza de **“TÉCNICO/A MUNICIPAL DE EMPREGO E ORIENTACIÓN LABORAL”**, persoal laboral fixo.

Vista a publicación da lista definitiva de admitidos/as e excluídos/as publicada no Boletín Oficial da Provincia de Lugo en data 28 de xuño de 2024.

Vista a base xeral 9.1, que sinala *“(…) O Tribunal cualificador estará integrado por 5 membros titulares e suplentes (que poderán actuar indistintamente), será nomeado e citado para a súa constitución por Resolución de Alcaldía do Concello de Viveiro, publicándose a Resolución da Alcaldía no taboleiro de anuncios, na páxina web e no taboleiro de anuncios dixital para xeral coñecemento e para que os aspirantes poidan formular recusación.*

#### **Composición:**

a) Un Presidente.

b) Catro vogais. O Secretario será un dos vogais.

*O secretario/a, redactará a acta de cada sesión que se celebre.*

*A composición acomodarse ao establecido no artigo 60 do TREBEP polo que se tenderá a paridade entre mulleres e homes; non poderán formar parte persoal de elección ou de designación política, persoal funcionario interino e/o persoal eventual; sendo a pertenza aos órganos de selección a título individual, non podendo ostentarse esta en representación ou por conta de ninguén.*

*O Tribunal de selección deberá axustar a súa actuación aos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, así como a normativa en materia de acceso ao emprego público.*

*Estará composto por persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo, debendo pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo...*

Vista a base xeral 9.4 que sinala *“(…)O Tribunal constituirase en sesión de constitución nun prazo máximo de 15 días hábiles dende a publicación do nomeamento dos seus membros.*

*Para a válida constitución do Tribunal, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos requirirase a concorrencia da metade, polo menos, dos seus membros (titulares ou suplentes), de acordo co artigo 17.2 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, con presenza en todo caso das persoas que exerzan a presidencia e a secretaría...*

Vista a base xeral 10.1.4 que sinala "(...) **Citación para a realización dos exercicios.**

- *Mediante Resolución da Alcaldía do Concello de Viveiro, citarase aos membros do Tribunal e ás persoas aspirantes admitidas para a realización do primeiro exercicio da fase de oposición, que deberá publicarse no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital.*

*Entre a data de realización da proba e a súa celebración non poderá mediar menos de 48 horas.*

*Unha vez publicada a data de realización do primeiro exercicio, non será obrigatoria a publicación dos sucesivos anuncios de celebración do resto de exercicios no BOP. A citación para a celebración dos restantes exercicios/probas realizarase na web municipal, no taboleiro de anuncios dixital e taboleiro físico así como no local de celebración do primeiro exercicio..."*

Vista a base xeral 10.1.5 que sinala "(...) **Chamamentos.**

*As persoas citadas, serán convocadas en chamamento único, sendo eliminadas do proceso selectivo as persoas aspirantes citadas que non comparezan, excepto casos de forza maior, debidamente xustificadas e apreciados libremente polo Tribunal Cualificador, nos que se determinarán as medidas a adoptar..."*

#### **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Nomear aos membros do Tribunal que a continuación se sinalan, podendo actuar indistintamente titulares e suplentes:

#### **PRESIDENTE:**

**Titular:** Dona Pilar Ferreiro Martínez, técnica de xestión no Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

**Suplente:** Don Emilio Silva Otero, asesor técnico no Servizo de RRHH e Asistencia aos Concellos da Deputación de Lugo.

#### **VOGAIS:**

**Titular:** Don José Ramón Gallego Fernández, psicólogo na Sección de Selección, Promoción e Carreira, Servizo de Recursos Humanos e Asistencia Concellos da Deputación de Lugo.

**Suplente:** Dona Silvia García López, xefa da Sección de Benestar Social e Igualdade da Deputación de Lugo.

**Titular:** Dona Julia Vázquez Silvarrey, xefa da Sección de Promoción Económica e Emprego da Deputación de Lugo.

**Suplente:** Don Enrique Flores Lamas, axente de emprego e desenvolvemento local na Sección de Promoción Económica e Emprego da Deputación de Lugo.

**Titular:** Dona Carmen Lage Fernández, técnica de administración xeral - axente de emprego e desenvolvemento local no Departamento de Fondos Europeos, Sección de Innovación e Participación cidadá da Deputación Provincial de Lugo.

**Suplente:** Don José Antonio Arias Lombardero, xefe da Sección de Innovación e Participación Cidadá da Deputación de Lugo.

#### **SECRETARIO:**

**Titular:** Dona Leticia Rodríguez Díaz, secretaria - interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

**Suplente:** Dona Montserrat Conde López, secretaria - interventora no Servizo de Asistencia Xurídica, Técnica e Económica aos Concellos da Deputación de Lugo.

#### **COLABORADORAS:**

Dona Beatriz Valle Vara, auxiliar na Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

Dona Ana Losada Real, xefa da Sección de Selección, Promoción e Carreira da Deputación de Lugo.

- **SEGUNDO.- CITAR** aos membros do Tribunal para o **Martes día 10 de setembro de 2024, ás 09:30 horas**, para a súa constitución, nas Aulas de Formación da Deputación de Lugo.
- **TERCEIRO.- CITAR** aos membros do Tribunal e **AOS ASPIRANTES ADMITIDOS/AS** para que comparezan na Sala Multiusos do Concello de Viveiro o **Martes día 17 de setembro de 2024 ás 09:30 h.**, aos efectos de realizar o **primeiro exercicio da fase de oposición** do proceso selectivo.
- **CUARTO.-** Publicar a presente Resolución no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, taboleiro de anuncios, na páxina web municipal e no taboleiro de anuncios dixital.

Viveiro, 9 de xullo de 2024.- A Alcaldesa, D<sup>a</sup> María Loureiro García, Ante mín, A Secretaria, ós efectos do artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, D<sup>a</sup> María Luz Balsa Rábade.

R. 2636

---